



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 SEP. 2024 13:22:51

Entrada **38173**

Pregunta sobre a afectación á liña ferroviaria A Coruña-Ferrol do Convenio das Xubias

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao Convenio asinado polo Concello da Coruña co fondo de inversión Ginkgo para a urbanización da zona das Xubias e afectación á liña ferroviaria A Coruña-Ferrol.**

O 30 de xullo o Goberno local de A Coruña asinaba un Convenio coa entidade Castro de Oza S.L., participada polo fondo de inversión suízo Ginkgo para a urbanización da zona das Xubias. Trátase do Convenio urbanístico mixto de planificación e execución urbanística para a renovación urbana do espazo litoral dos Polígonos RB1, RB2 y RB3 e dos núcleos das Xubias de Arriba e de Abaixo da Ría do Burgo. Un Convenio que está en fase de información pública e que xerou moito malestar a nivel político e social, especialmente na veciñanza de Oza-Os Castros.

Como xa denunciou o grupo municipal do BNG no concello, este Convenio pon en cuestión as prometidas vivendas accesíbeis nas Xubias e compromete o eixo ferroviario A Coruña-Ferrol coa idea de convertelo nun paseo verde peonil.

A veciñanza de Oza-Os Castros presentou alegacións a este Convenio para que se reduza a edificabilidade na zona e protexer o medio. O BNG tamén presentou alegacións para que se leve a cabo a modificación puntual do PXOM para a área das Xubias na liña do que se aprobara no ano 2022.

Preocupa non só a especulación urbanística que se poida derivar de seguir adiante con este Convenio, senón tamén a rebaixa dos obxectivos de

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 SEP. 2024 13:22:51

Entrada **38173**



sustentabilidade ao reducir a protección medioambiental da fachada marítima incrementando a urbanización, así como as intencións de desafectar de uso ferroviario a infraestrutura do eixo ferroviario A Coruña-Ferrol para que sexa un paseo peonil, pondo en risco a modernización desta conexión e a implantación do servizo de cercanías na área metropolitana da Coruña, ambos compromisos recollidos no Acordo de Investidura co BNG.

Así mesmo, as sombras sobre o Acordo e a operación urbanística medran despois de coñecerse a existencia dunha relación entre a actual directora técnica do Plan Estratéxico para A Coruña 2030-2050, Isabel Pardo de Vera, co fondo inversor Ginkgo, entidade para a que exerceu como representante nalgúns eventos. É preciso que se dea toda a información para asegurar que non exista un conflito de intereses ou incompatibilidades no seu labor.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Ten o Goberno coñecemento do Convenio asinado polo concello da Coruña coa entidade participada polo fondo de inversión Ginkgo Advisor para a urbanización da área das Xubias o pasado 30 de xullo que afectará á infraestrutura ferroviaria A Coruña - Ferrol?
2. Que información ten o Goberno do Convenio urbanístico mixto de planificación e execución urbanística para a renovación urbana do espazo litoral dos Polígonos RB1, RB2 y RB3 e dos núcleos das Xubias de Arriba e de Abaixo da Ría do Burgo asinado co fondo de inversión Ginkgo e no que figura a intención de converter a liña ferroviaria A Coruña-Ferrol nesa zona nun paseo peonil?
3. Que posición ten o Goberno diante desta proposta en relación á infraestrutura ferroviaria? Vaina rexeitar?
4. Pode confirmar o Executivo a necesidade de manter en funcionamento esta infraestrutura ferroviaria por ser fundamental para a mellora da liña Ferrol-A Coruña e para a implantación do servizo de cercanías na



área metropolitana coruñesa, compromisos ambos asumidos polo
Goberno do Estado recollidos no Acordo de Investidura co BNG?

Madrid, a 16 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al Convenio firmado por el Ayuntamiento de A Coruña con el fondo de inversión Ginkgo para la urbanización de la zona de las Xubias y afectación a la línea ferroviaria A Coruña-Ferrol.**

El 30 de julio el Gobierno local de A Coruña firmaba un Convenio con la entidad Castro de Oza S.L., participada por el fondo de inversión suizo Ginkgo para la urbanización de la zona de las Xubias. Se trata del Convenio urbanístico mixto de planificación y ejecución urbanística para la renovación urbana del espacio litoral de los Polígonos RB1, RB2 y RB3 y de los núcleos de las Xubias de Arriba y de Abajo de la Ría del Burgo. Un Convenio que está en fase de información pública y que ha generado mucho malestar a nivel político y social, especialmente en el vecindario de Oza-Os Castros.

Como ya denunció el grupo municipal del BNG en el Concello, este Convenio pone en cuestión las prometidas viviendas asequibles en As Xubias y compromete el eje ferroviario A Coruña-Ferrol con la idea de convertirlo en un paseo verde peatonal.

El vecindario de Oza-Os Castros ha presentado alegaciones a este Convenio para que se reduzca la edificabilidad en la zona y proteger el medio. El BNG también presentó alegaciones para que se lleve a cabo la modificación puntual del PXOM para el área de As Xubias en la línea del que se había aprobado en el año 2022.



Preocupa no solo la especulación urbanística que se pueda derivar de seguir adelante con este Convenio, sino también la rebaja de los objetivos de sostenibilidad al reducir la protección medioambiental de la fachada marítima incrementando la urbanización, así como las intenciones de desafectar de uso ferroviario la infraestructura del eje ferroviario A Coruña-Ferrol para que sea un paseo peatonal, poniendo en riesgo la modernización de esta conexión y la implantación del servicio de cercanías en el área metropolitana de A Coruña, ambos compromisos recogidos en el Acuerdo de Inversión con el BNG.

Asimismo, las sombras sobre el Acuerdo y la operación urbanística crecen después de conocerse la existencia de una relación entre la actual directora técnica del Plan Estratégico para Coruña 2030-2050, Isabel Pardo de Vera, con el fondo inversor Ginkgo, entidad para la que ejerció como representante en algunos eventos. Es preciso que se dé toda la información para asegurar que no existe un conflicto de intereses o incompatibilidades en su labor.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene el Gobierno conocimiento del Convenio firmado por el Concello de A Coruña con la entidad participada por el fondo de inversión Ginkgo Advisor para la urbanización del área de As Xubias el pasado 30 de julio que afectará a la infraestructura ferroviaria A Coruña - Ferrol?
2. ¿Qué información tiene el Gobierno del Convenio urbanístico mixto de planificación y ejecución urbanística para la renovación urbana del espacio litoral de los Polígonos RB1, RB2 y RB3 y de los núcleos de As Xubias de Arriba y de Abajo de la Ría del Burgo firmado con el fondo de inversión Ginkgo y en el que figura la intención de convertir la línea ferroviaria A Coruña-Ferrol en esa zona en un paseo peatonal?
3. ¿Qué posición tiene el Gobierno delante de esta propuesta en relación a la infraestructura ferroviaria? ¿La va a rechazar?



4. ¿Puede confirmar el Ejecutivo la necesidad de mantener en funcionamiento esta infraestructura ferroviaria por ser fundamental para la mejora de la línea Ferrol-A Coruña y para la implantación del servicio de cercanías en el área metropolitana coruñés, compromisos ambos asumidos por el Gobierno del Estado recogidos en el Acuerdo de Inversión con el BNG?

Madrid, a 16 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso